

Aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, que rexen a contratación da “**SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVICIO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL**”, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. **Obxecto:** A contratación da “**SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVICIO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL**”.
2. **Duración do contrato:** Terá unha duración máxima de 32 meses. Trátase dun contrato plurianual, que afecta a tres (3) anualidades:
  - a. 2015: 8 meses, do 01 de maio ao 31 de decembro. 46.831,92 € sen IVE, o IVE ascende a 9.834,70 €, e 56.666,62 € IVE engadido.
  - b. 2016: 12 meses. 70.247,93 € sen IVE, o IVE ascende a 14.752,07 €, e 85.000,00 € IVE engadido.
  - c. 2017: 12 meses. 70.247,93 € sen IVE, o IVE ascende a 14.752,07 €, e 85.000,00 € IVE engadido. **Se por causas da licitación do contrato, na tramitación do expediente, se demorase a adxudicación, a duración do contrato comenzaría a computar dende a súa sinatura, e consecuentemente a data da súa vixencia variaríase respecto do reflectido no Prego respectivo (do 1 de maio de 2015 ata o 31 de decembro de 2017).**
3. **Prezo de licitación:** Sinálase como orzamento máximo de licitación por ano (12 meses), 70.247,93 €, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a 14.752,07 € e o orzamento máximo de licitación por ano, co IVE, é de 85.000,00 €. O orzamento máximo de licitación ou valor estimado durante a duración do contrato é de 187.327,78 €, sen incluír o IVE, o IVE ascende a 39.338,83 € e o orzamento máximo de licitación durante a duración do contrato, ou valor estimado co IVE, é de 226.666,61 €.
4. **Procedemento e tramitación:** A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración).
5. **Lugar e prazo de presentación de ofertas:** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo das 9 ás 14 horas, agás o sábado que será das 9 ás 13 horas dentro do prazo de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es). O cómputo de prazos comezará dende a derradeira publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

6. **Criterios de adxudicación:** Serán os sinalados nas cláusulas 8ª e 9ª dos Pregos respectivos.

- a. Criterio dependente de xuízo de valor: **Memoria de prestación da subministración**. Ata un máximo de **CINCUENTA (50) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar unha memoria detallada das condicións nas que prestarán a subministración e das instalacións onde se prestará o servizo, **con indicación exacta da distancia da estación de servizo ao Concello (Casa Consistorial, km 0), computándose esta distancia a través de estradas maiormente utilizadas, e no seu percorrido máis curto.**
- b. **Dos anteriores cincuenta (50) puntos, VINTE (20) PUNTOS se outorgarán en función das condicións de prestación do servizo e das instalacións nas que se prestará, e os restantes TRINTA (30) PUNTOS outorgaranse conforme ao seguinte baremo de distancia.**
- i. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 0 e 1 km: 30 puntos.**
  - ii. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 1 e 2 km: 28 puntos.**
  - iii. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 2 e 3 km: 26 puntos.**
  - iv. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 3 e 4 km: 24 puntos.**
  - v. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 4 e 5 km: 22 puntos.**
  - vi. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 5 e 6 km: 20 puntos.**
  - vii. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo roposta, **entre 6 e 7 km: 18 puntos.**
  - viii. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 7 e 8 km: 16 puntos.**
  - ix. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 8 e 9 km: 14 puntos.**
  - x. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 9 e 10 km: 12 puntos.**
  - xi. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 10 e 11 km: 10 puntos.**
  - xii. A unha distancia da Casa Consistorial a estación de servizo proposta, **entre 11 e 12 km: 8 puntos.**
  - xiii. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 12 e 13 km: 6 puntos.**
  - xiv. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 13 e 14 km: 4 puntos.**
  - xv. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **entre 14 e 15 km: 2 puntos.**
  - xvi. A unha distancia da Casa Consistorial á estación de servizo proposta, **de máis de 15 km: 0 puntos.**

- c. **Prezo:** Expresarase nunha única porcentaxe de desconto a aplicar a todos os tipos de carburante, respecto ao prezo do surtidor no momento da repostaxe. Valorarase ata un máximo de **CINCUNTA (50) PUNTOS**.
7. **Mesa de contratación:** Constituída o 2 de marzo de 2015, por Resolución da Alcaldía, de acordo co sinalado na cláusula 10ª dos Pregos respectivos.
8. **Clasificación:** Non se esixe.
9. **Solvencias:**
- a. **Solvencia económica e financeira:** Acreditarase de acordo ao artigo 75 1. a) do TRLCSP. Neste senso os licitadores deberán presentar o volumen anual de negocios, ou ben o volumen anual de negocios no ámbito ao que se refire o presente contrato, referido aos TRES (3) últimos exercizos disponibles, por importe igual ou superior a 70.247,93 € sen IVE.
- b. **Solvencia técnica e profesional:** Acreditarase mediante unha relación de subministracións relacionadas co obxecto deste contrato, en contía igual ou superior a 210.743,79 €, sen incluír o IVE, realizados no curso dos CINCO (5) ANOS anteriores a data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, que inclúa importe, datas e destinatario público ou privado dos contratos. Acreditarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. No caso de non aportar para unha subministración da relación este certificado, coas precisións que se citan anteriormente, non computará para acreditar a solvencia técnica.
10. **Garantías:** Provisoria non se precisa. **Garantía definitiva do 5% do importe total do orzamento máximo de licitación (187.327,78 €), excluído o IVE.**
11. **Entidade e información:** Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es) - Perfil de Contratante.

SANXENXO, 6 de marzo de 2015.  
A alcaldesa



Catalina González Bea